

A PESCA



**NO CONCELLO
DE CANGAS**

Depósito Legal: PO-245-91

Impreso: Vilafer, Cangas

Portada: Ricardo Vilariño

FE DE ERRATAS

- No debuxo do "Barco de baixura" donde di "pano de proa" debe decir "pano de popa" e donde di "pano de popa" debe decir "pano de proa".
- O debuxo da "GAMELA" pertenece a unha "CHALANA".

No párrafo que di: " A diferenxia entre gamelas e chalanas ven dada porque as chalanas non teñen nin proa nin popa" debe decir: " A diferenxia entre gamelas e chalanas ven dada porque as gamelas non teñen nin proa nin popa".

INDICE:

LINIAI

I - INTRODUCCIÓN

Localización
Punto de Vista
Estado de conservación
Estado de Valor

II - BARCOS, ARTES, E CALADEIROS

A pesca de cerco: artes e calades
Artes
Artes
Estado de conservación
Estado de Valor

A PESCA NO CONCELLO DE CANGAS

A pesca de cerco: artes e calades
Artes
Artes
Estado de conservación
Estado de Valor

A pesca de cerco: artes e calades
Artes
Artes
Estado de conservación
Estado de Valor

III - FERRAMENTAS E ECONOMÍA

Ferramentas
A economía da pesca
Estado de conservación
Estado de Valor

Ferramentas de pesca
A economía
Estado de conservación
Estado de Valor

Ferramentas de pesca
A economía
Estado de conservación
Estado de Valor

A economía da pesca
Estado de conservación
Estado de Valor

Ferramentas
A economía
Estado de conservación
Estado de Valor

V - HISTÓRIA DO BARCO

VI - CULTURA E TRADICIÓN NA PESCA

CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL
Il. tmo. Concello de Cangas

Impresión
Impresión
Impresión

IX - BIBLIOGRAFÍA



INDICE:

LIMIAR

I - INTRODUCCIÓN

Localización
Ría de Vigo
Ría de Aldán
Costa da Vela

II - BARCOS, ARTES, E CALADEIROS

A pesca de Gran Altura e Altura
Barcos
Arte
Estudio dunha especie: A
Merluza
Caladeiros

A pesca de Baixura o motor
artes
especies: O Linguado

Chalanas, gamelas, dornas e pla-
neadoras
artes
especies: O Polbo e a
Nécora

III - A ACUICULTURA

Bateas
o barco
estudio dunha especie: O
Mexillón

Piscifactoría

IV - POBOACION E ECONOMIA

Poboación activa
A pesca como actividade eco-
nómica
traballadores no mar
Condicións laborais
Condicións salariais
O marisqueo
O cultivo do mexilón

traballadores en terra

A conserva
As depuradoras
As redeiras
A baleeira
Os conxeladores

A Comercialización

Muelles

Cangas
Aldán
Vilariño

V - HISTORIA DO BARCO

VI - CULTURA E TRADICION NA PESCA

VII - ACTIVIDADES

VIII - ANEXO

Competencias
Recursos didácticos - organismos
Esquema

IX - BIBLIOGRAFIA

LIMIAR:

INTRODUCCION:

A "Pesca no Concello de Cangas", é un intento máis de proporcionar elementos e materias, que acheguen dun xeito didáctico escola e entorno. Por conseguinte no seu plantexamento participa dos principios e concepcións da chamada educación mesolóxica.

Neste senso queremos destacar tres cuestións:

-a elección do tema da pesca viña dado por ser esta a actividade principal no concello;

-os datos que se proporcionan nas diferentes estadísticas non deixan de ser orientativas (aspecto este de acordo coa concepción do traballo pois o que se tenta é proporcionar materiais para o desenvolvemento das distintas técnicas. Os datos cambian de ano a ano) pero na práctica o seu carácter orientativo, ven dado polo caos administrativo e os importantes intereses que rodean o complexo mundo da pesca;

-con respecto ó capítulo de actividades as propostas que alí se apuntan tratan de exemplificar modelos de traballo, que se poden encher con outras actividades e plantexamentos.

Por último desexamos que esta recopilación vos sexa de utilidade e pedimos disculpas por se atopades algún erro.

AUTORES:

Arturo Sánchez Cidrás

Luis Lagoa González

Rosa Cabada Alvarez

Suso Lorenzo Muro

Xosé Manuel González Barreiro

Xosé Ramón Bernárdez Pérez

INTRODUCCION:

Localización

A situación de Cangas dentro da Península do Morrazo, orientada cara a dúas rías e ó mar aberto, determina a súa inequívoca vocación mariñeira. A isto hai que engadilas limitacións que para as actividades agrícolas imponen as condicións da terra. O concello de Cangas, extremo occidental do Morrazo, conta cunha extensión en costas de 32 Kms. aproximadamente.

Costas que ademáis son propicias para as actividades pesqueiras, xa que predominan as zonas baixas e areosas, sendo a única excepción a acantilada Costa da Vela, bañada directamente polo Atlántico.

Ría de Vigo

Baña o concello de Cangas polo sur.

É a máis meridional das rías galegas. Cunha superficie de 176 Km²., cunha lonxitude desde as Cíes ata Arcade de 33 Kms., cunha abertura máxima de 15 Kms. entre Cabo Home e Cabo Silleiro.


A maior profundidade alcánzase nunha estreita franxa á altura da Borneira, 40 mtrs. O resto está ocupado por zonas pouco fondas orixinadas pola acumulación de areas e fango, e fondos rochosos que ás veces sobresaen da superficie e que se reparten polas marxes da ría (Illa dos Ratos, Salgueirón Borneira).

Non hai ríos de importancia que desemboquen na ría de Vigo, os máis destacables son o Oitabén e mai-lo Verdugo. Os do concello que verten as súas augas á ría son o Bouzós, Rego das Saiñas, o río de Nerga e o de Donón. Dado o escaso caudal que teñen en relación coa cantidade de auga salgada que entra na ría teñen pouca influencia na salinidade das augas e na xeneración de corrientes.

A protección dos ventos fríos do norte polo monte de Ermelo e dos predominantes ventos do océano polas Illas Cíes, fai que a temperatura da auga oscile entre os 9 e os 15 graos e aille o interior da ría da forte actividade do mar aberto.

Estes elementos provocadores dun microclima favorecen a elevada densidade de po boación dos núcleos costeiros.

MAPA DA RIA DE VIGO



ZONA OSCURA: Fango
ZONA CLARA: Roca, area...

Ría de Aldán

Penetra de norte a sur, formando un entrante no noroeste do concello. De feito, nalgúns cartografías dásele o nome de Bahía de Aldán.

Ten unha anchura máxima de 2.700 metros entre a punta de Couso e Udra e un fondo de 25 metros.

A profundidade acada un máximo, no interior da ría, de 20 metros a partir da Punta Corveira.

Non hai ríos de importancia que desemboquen na ría de Aldán, o único que merece unha mención é o Orxás, cuido aporte de auga doce é insignificante.

Trátase dunha costa con moitos entrantes e saintes que dan lugar a moitas praias. A altitude media na beiramar é polo tanto escasa.

En contraste coa ría de Vigo, está protexida dos ventos húmidos do suroeste, mentres que está sometida ós fríos ventos do norte, especialmente na zona pertencente á parroquia do Hío.

Costa da Vela

Sita no extremo occidental do concello, ten a peculiaridade de se-la única aberta totalmente ó océano. O seu perfil é practicamente recto, orientado de norte a sur -entre Punta Couso e Cabo Home (7,85 kilómetros). Caracterízase por ser abrupta, escarpada e alta, xa que toda ela é un conxunto de montes.

MAPA DA PENINSULA DO MORRAZO



Barcos, artes, caladeiros e especies

Partimos do barco como elemento globalizador e máis evidente para desde el estudia- los demais aspectos , que dunha maneira directa ou non, dependen do mesmo.

É o barco unha construción preparada para deslizar-se sobor da auga impulsada por enerxías de diferente orixe. Segundo a capacidade de carga, autonomía e tecnoloxía aplicada, podemos distinguir diversas categorías de barcos, que podemos agrupar en:

Gran altura ou conxelador

Altura ou gran soleras

Baixura:

Motores


Chalanas, gamelas, dornas e planeadoras

A categoría do barco ven determinada pola proximidade do caladeiro - lugar que polas súas características físicas e biolóxicas ten abundancia de pesca- e ó mesmo tempo condiciona o tipo de arte a empregar.

A arte é un útil acondicionado para atraer ou capturar peixes, moluscos ou crustá- ceos. A escolla dunha arte vai en función da especie a pescar.

TIPOS DE BARCOS EN CANGAS

CLASIFICACION



A Pesca de Gran Altura


A pesca de gran altura ven definida pola lonxanía dos caladeiros o que implica un elevado grado de autonomía dos buques.

As características que definen a un barco de gran altura son:

TONELAXE.....	
Peso morto.....	1.800 - 2.200 Tm.
Capacidade máxima de carga.....	120 - 400 Tm.
POTENCIA.....	1.000 - 2.200 Cv.
DOTACION.....	25 - 40 tripts.
TEMPO DE MARÉ.....	3 - 6 meses

A necesidade de sacar unha rendabilidade a unha forte inversión (1.000 a 1.500 millóns) fai que estes barcos sexan ademáis de buques pesqueiros, auténticas factorías flotantes. A bordo deles realízanse as actividades de selección, limpeza, corte e envasado para a comercialización.

Hai 19 buques desta categoría no concello, aclarando que dicimos que son do concello porque é onde viven os seus propietarios, aínda que teñen a base noutros portos.



A Pesca de Altura


Os caladeiros, aínda sendo lonxanos, precisan dun menor grao de autonomía en comparación coa categoría anterior. O peixe, que se comercializa en fresco, é conservado coa aplicación de xelo.

As características dun buque de altura son:

TONELAXE.....	
Peso morto.....	400 - 700 Tm.
POTENCIA.....	800 - 1.000 Cv.
DOTACION.....	16 - 19 tripts.
TEMPO DE MARE.....	10 - 30 días

O número de barcos desta categoría no concello é de 16.

BARCO DE ALTURA



Arte

A arte empregada tanto p
arrastre, exceptuando os s
vistas de varios anzós.

O arrastre é unha rede en
especie de embudo chama

Deste aparello van tirand
na rede tódalas especies q
do recibe o nome de bou

por dous barcos, denomi

Nas artes de arrastre a ab
diante unha resta de corch
unha resta de plomos que
por medio dunhas portas
tracción do barco, tende
aparello.


Arte

A arte empregada tanto polos barcos de gran altura coma polos de altura é a do arrastre, exceptuando os atunciros que empregan canas de tamaño considerable provistas de varios anzós.

O arrastre é unha rede en forma de bolsa que se vai estreitando ata terminar unuha especie de embudo chamado cope.


Deste aparello van tirando un ou dos barcos de xeito que van quedando atrapadas na rede tódalas especies que atopa ó seu paso. Cando o arrastre é tirado polo costado recibe o nome de bou. Se é arrastrado pola popa, chámase baka. E se é tirado por dous barcos, denomínase Parella.

Nas artes de arrastre a abertura da boca do aparello en sentido vertical lógrase mediante unha resta de corchos colocada na parte superior da boca da arte e mediante unha resta de plomos que tira hacia abaixo. A abertura horizontal da rede lógrase por medio dunhas portas (rectangulares ou ovaladas) que ó ofrecerem resistencia á tracción do barco, tenden a desviarse e provocan a separación dos extremos do aparello.



Caladeiros**Especies**

GRAN ALTURA	Malvinas	Pota e calamar
	Guinea	Pescada
	Suráfrica	Pescada, gamba, langostino, etc.
	Terranova	Bacallao
	Chileno-Peruano Canario-Sahariano	Pescada Mero, pescada, zapata
ALTURA	Gran Sol	Bonito, pescada, peixe sapo, castañeta, rapante, bois, lin- guado, raia, langosta, ciga- la, rodaballo, etc.

MAPA DE CALADEIROS


Merluza

ESQUEMA DO ESTUDIO DUNHA ESPECIE:

Debuxo - Forma, Cor e Tamaño - Partes - Hábitat - Alimentación
Reproducción - Aspectos específicos da especie - Arte

Desenrolo do esquema aplicado a unha especie de altura:

Debuxo



Forma, Cor e Tamaño:

O corpo é alongado...

a cor é gris no dorso e branco prateado nos flancos e rexión ventral. Hai diferenza de cor segundo a procedencia, sendo máis escuras as das rochas.

As tallas medias son, no Atlántico de 60 a 80 cms., chegando a 1,30 mts. e moito máis pequenos no Mediterráneo, onde non superan os 35 cms.

Partes

A cabeza é aguda, sobresaíndo a mandíbula inferior que carece de barbilla.

O toro recuberto de escamas pequenas e delgadas dispón de 8 aletas: 2 pectorais, 2 ventrais, 2 dorsais de cor gris, 1 anal de cor branco e unha caudal de cor negro.

Hábitat

Formando bancos viven en fondos areosos e de grava, xeralmente entre 100 e 500 mts. de profundidade. Se ben os exemplares pequenos (pescadilla) viven en fondos de 20 a 40 mts. Mantéñense preto da costa durante o verán e o outono, e ó rematar este alónxanse buscando fondos de maior profundidade. A máis idade, máis lonxanía e profundidade.

Alimentación

Aliméntase doutras especies como espadíns, sardiñas, arenques, anchoas, rinchas, crustáceos e moluscos.

Reproducción

O chega-la época de reproducción iníciase unha emigración de concentración, tendo lugar a posta ó borde da plataforma continetal da primaveira ó verán.

A fecundación é externa, os ovos son peláxicos e ós tres días da posta nace unha larva. O crecemento é rápido nos primeiros momentos da súa vida. Cando chega ós 3-4 cms. adopta o fondo como hábitat, realizando desprazamentos verticais nocturnos para alimentarse.

A idade reproductora é a partir dos 2-3 anos.

Aspectos específicos da especie

Nada que destacar.

Arte

Dado o seu hábitat profundo, unha das artes que se empregan na súa captura é o arrastre. Pero aproveitando os seus desprazamento para alimentarse, tamen se usa o palangre (merluza do pincho) que é unha das máis apreciadas no mercado por estar menos mazada.

Pesca de Baixura

Na pesca de baixura, dada a proximidade dos caladeiros, a autonomía das embarcacións é moi limitada -dous días como máximo- e as capturas comercialízanse como fresco do día.


Dentro deste tipo de pesca, deben diferenciarse dúas categorías de barcos: os motores, embarcacións con motor incorporado no casco. E os botes (chalanas, gamelas e planeadoras), pequenas embarcacións a remo ou con motores fóra-borda.

Motor

TONELAXE	4 - 12 Tm.
POTENCIA	130 Cv de media
DOTACION.....	3 - 6 tptes
TEMPO DE MARE.....	2 días max.

O número aproximado de barcos no concello é de 63.

BARCO DE BAIXURA



Gamelas, Chalanas, Dornas e Planeadoras

Todas estas embarcacións teñen en común o seu pequeno tamaño, o seren impulsadas tradicionalmente por remo pero sendo xa corrente o uso de motores fóra-borda.


A gamela é unha embarcación totalmente plana, sen quilla, na que ó estaren os dous extremos aplanados, non hai diferenciación entre a popa e a proa. Nas chalanas a proa está perfectamente definida ó terminar en arista, adquirindo a forma das proas tradicionais.

A dorna, que vai camiño de desaparecer, posiblemente sexa unha das embarcacións de maior antigüidade xa que a súa orixe débese ás razias nórdicas. De popa moi reducida, bastante ancha no centro e movida tradicionalmente por unha vela latina. A planeadora é unha embarcación semellante á chalana, un pouco maior, diferenciándose no material de construción, que en vez de se-la madeira é a fibra de vidro ou poliéster. Posiblemente sexa a chamada a substituír no futuro a tódalas demais pequenas embarcacións.

Características

TONELAXE	1 Tm. aprox.
POTENCIA	2 - 10 Cv
DOTACION	1 - 2 tptes
TEMPO DE MARE.....	horas

O número de embarcacións desta categoría en Cangas é dunhas 300. Agora ben, moitas delas son auxiliares doutras embarcacións ou están en terra a maior parte do ano. De feito, despachadas hai unha porcentaxe moi reducida.



A diferenza entre gamelas e chalanas vén dada porque as ~~chalanas~~ ^{gamelas} non teñen nin proa nin popa

ARTES

Cerco

É unha arte adicada á captura de especies peláxicas pequenas (sardiña) e polo tanto a malla é moi lasa -22 mm.-.

Esta rede ten unha relinga superior de corchos e unha inferior de chumbos pamante-la vertical.

Unha vez localizado o banco de peixe, o barco rodéao co aparello formando unha especie de cilindro, despois tírase dun cordel adosado á liña de chumbos, "xareta",

que cerra o fondo da arte e forma unha bolsa.


CALADEIRO: legalmente, fóra das rías, desde Fisterra ata a desembocadura do Miño, pero realmente emprégase tamén dentro.

EPOCA: primavera, verán e outono desde as seis da tarde ata as oito da mañán.

ESPECIES: sardiña, xurelo, espadín, rincha, burás e bocareus.

Este arte tuvo o seu antecedente coa aparición do "cerco real" polo 1880. Foi a arte dominante ata que no século XVIII empezou a decaír polas cada vez menores restriccións impostas a outras artes en expansión. Era, forzosamente, unha arte comunal, debido ó seu grande tamaño, pois constaba de 90 a 300 panos de 34 a 42 mts. de longo e 33 mts. de alto e para o que se precisaban a parte do buque principal no número entre 7 e 10 embarcacións auxiliares e unha dotación aproximada de 120 mariñeiros.

O derradeiro exemplar desapareceu no ano 1909.



Boliche


É unha arte de arrastre que ten 40 mts. de longo por cada lado e 10 mts. de alto. Consta de dúas pernas e un cope ou saco.

De cada unha das pernas sae un cabo, polo que se tira e vai embolsando o peixe que topa no seu camiño.

CALADEIROS: péscase en toda a ría, estando prohibido a menos de 10 metros da ribeira.

EPOCA: De xuño a outubro, desde a saída á posta do sol.

ESPECIES: Chipirón, bolo, lura e gaiba.



Trallos

Arte fixa consistente nun aparello de tres panos, sendo o interior máis laso e máis longo que os exteriores, formándose ó ser fruncido unhas bolsas nas que os peixes quedan atrapados. A amplitude das mallas (275 mm. de lado cuadrado nas mallas exteriores e 55 mm. na interior) convérteo nun arte moi selectivo, non collendo os individuos de pequeno tamaño. Utilízase preferentemente no inverno, cando as augas turbias impiden que os peixes poidan visualiza-las redes.

CALADEIROS: Os caladeiros son no exterior da ría, a máis de 300 mts. da costa (Desde Cabo do Mar ó río Miño e de Faro Borneira a San Vicente do Mar).

ESPECIES: Maragota, faneca, rubio, linguado, merluza, rodaballo, rabadas, etc.



Trasmallo


É unha arte fixa. Igual que o trallo, é tamén unha rede de tres panos, pero diferéncianse en que van unidos polas relingas superior e inferior e que as mallas exteriores son de fío máis grosso que a interior. É tamen un arte selectivo, ó ser as aberturas das mallas exteriores de 100 mm. e a interior de 40 mm.

Pode utilizarse durante todo o ano, pero na realidade emprégase máis nos meses de vran. Lárgase nos acantilados e arredor das pedras cercanas á costa.

CALADEIROS: Legalmente a máis de 150 mts. das praias, estando prohibido nas canles e instalacións portuarias.

Os lugares máis frecuentados son: A Illa, Os Castros, Cabo de Vicos, etc.

ESPECIES: Maragota, rabaliza, centola, lubrigante, fanecas, salmonetes e todos aqueles peixes que teñen o seu hábitat nas pedras.




Betas

É unha arte fixa de fondo, dun pano solo de 100 mts. de longo e altura variable segundo sexa o lugar onde se vaia lanzar, (canño máis perto da costa menor altura e viceversa). A abertura da malla depende das especies que se queira capturar.

O seu uso remóntase ó século XVI, caíndo en desuso a finais do século pasado e reaparecendo nos primeiros anos da década do sesenta. Lárganse ó mencer e levántase á saída do sol. O ser relingada a malla queda floxa e dependendo da especie, uns mallan e outros quedan envoltos. Traballa durante todo o ano.

CALADEIROS: En toda a ría, excepto nos portos, canles e a menos de 150 mts. das praias.

ESPECIES: Faneca, fodón, pescadilla, xurelo, etc.



Xeito

Arte de deriva consistente nun aparello igual á beta, diferenciándose desta en que non vai ó fondo, en que a malla (variable segundo se capture sardiña ou xouba) está reforzada por un pano grosso que a rodea. A súa adicación preferente á captura da sardiña, especie peláxica, fai que precise dunha relinga de corchos que tiren dela cara arriba.

Aparece no século XVI e foi considerada como moi destructora, non podendo faenar en tanto o fixera o cerco real. Provocou innumerables conflitos, non só co cerco real, senon tamén coas volantas, nunha primeira época, e no século XVIII coa xabega. Foi nesta época cando se regulou o seu tamaño e uso.

CALADEIROS: Da illa para adentro

ESPECIES: Sardiña e xouba.



Palangre

É unha arte fixa formada por unha liña nai da que penduran anzós, de tamaños e número variable a según sexa a especie a capturar. Por exemplo: para a captura da faneca, o aparello mide 250 mts. de lonxitude e está provisto de 360 anzós do número 11; mentres que para o congro, o aparello mide 180 mts. e ten 80 anzós do número 5.

A xulgar polas medidas que deles se daban a finais do século XVIII, esta arte non sufriu evolucións.

CALADEIROS: Legalmente entre Oia e Sálvora. Pero de feito úsase en calquer lugar.

ESPECIES: Faneca, congro e ollomol.




Liñas

É unha arte consistente nun fío, cun chumbo ou plomo, do que penduran no seu extremo inferior un ou varios anzós.

A tanza recóllese nun sirgo -se é de corcho- ou nunha gradella -se é de madeira. Hai diversos tipos de liñas segundo a forma e a especie que se vaia a pescar.

CALADEIROS: Toda a ría e fóra dela.

ESPECIES: Faneca, congro, badeixo, lura, polbo, doncela.



Peteira

Arte que consiste nun chumbo en forma de pera, que no seu extremo inferior e máis grosso leva insertados unha serie de anzós. O chumbo vai recuberto por fíos de cores, pois ó non levar carnada é a forma de atrae-los peixes.

CALADEIROS: Toda a ría

ESPECIES: Lura e calamar.



Raña

Aparello de formas variadas, pero todas elas van provistas dun croio atado a un pau, que pode levar ou non no seu extremo anzós.

A carnada, consiste nun caranguexo, que vai amarrado ó croio.

CALADEIROS: Fondos de penedos

ESPECIES: Polbo.



Nasas


Especie de gaiola de estrutura de madeira, vimbias ou ferro recuberta de rede de mallaxe moi pequeno. Hainas de distintas formas e tamaños, dependendo da especie a capturar, pero todas elas dispoñen dunha boca fecheira (a medida que se vai metendo nela vaise facendo máis estreita) pola que entran os peixes atraídos por unha carnada e no extremo oposto, unha porta para saca-las capturas.

CALADEIROS:

Para a nécora: Ría de Vigo e Costa da Vela

Para as fanecas: Cabalo, Costa da Vela, Onza, etc.

ESPECIES: Faneca, nécora, lumbricante, martilonga, camarón, santiaguíño, etc.



Vara

É un arte semellante a un angazo, que ó reinexer na area levanta e introduce nunha bolsa de rede que leva no seu extremo as especies a capturar. Utilízase desde unha embarcación e a lonxitude do mango depende da profundidade na que se vai traballar.

CALADEIROS: Zonas de fondos areosos


ESPECIES: Ameixa, miolo, vieira, croque



Can ou Endeño

Arte de arrastre de forma semellante ó anterior, aínda que de maior envergadura. É un arte en constante polémica e discútese moito sobre da súa conveniencia. Os seus detractores din que destrúe todo o que atopa ó seu paso. Mentres que os defensores opinan que chega a lugares onde ningunha outra arte chegaría, a demais de, segundo eles pensan, rexenera-los fondos. Está permitido en fondos superiores a 20 mts.

ESPECIES: Vieira, ameixa.



Lenguado

Desenrolo do esquema aplicado a unha especie de baixura:

Debuxo



Forma, Cor e Tamaño:

O corpo ten forma oval e asimétrica, aínda que na fase larvaria é radicalmente distinta. A cor é parda con pequenas motas na parte superior, send a inferior branca. A talla media é de 30 a 40 cms., podendo alcanza-los 70 cms. cun peso de 3 Kds.

Partes

A cabeza é pequena, co ollo superior algo adiantado, e a boca en forma de arco. O toro está recuberto de escamas pequenas e duras. Nel distínguense fundamentalmente dúas aletas, ademais da caudal, unha dorsal e outra anal.

Habitat

Especie típica do Noreste Atlántico, vive nos fondos fangosos e areosos de escasa profundidade, de 10 a 60 mts. No inverno migran hacia profundidades maiores, de 70 a 180 mts.

Alimentación

Está constituída por moluscos bivalvos, vermes, pequenos crustáceos e pequenos peixes dos fondos.

Reproducción

A reprodución ten lugar de maio a setembro en augas pouco profundas (10 - 30 mts.). Dous ovos nacen ós dez días unhas larvas que sufren unha metamorfose na que perden a súa simetría e o corpo aplástase. O ano miden de 8 a 15 cma., alcanzando a madurez sexual entre os 3 e 5 anos.

Aspectos específicos da especie

O aplastamento morfolóxico, desminúelle a capacidade de desprazamento, polo que ha de defenderso dos seus inimigos por procesos de mimetismo. É un peixe branco que se diferencia de especies semellantes como as sadias, pola mancha negra da aleta pectoral.

Arte

Empréganse os trallos ou miños. Por ser esta un arte de fondos limpos, leva uns chumbos en forma de rodas, o que fai que se o peixe non vai a rede, é a rede a que vai na procura do peixe.

A especie queda embulsada no paño do medio, de malla máis fecheira. O ser unha arte de utilización nocturna aproveita as subidas dos peixes para alimentarse.

Polbo

Debuxo



Forma, Cor e Tamaño:

Corpo en forma de globo, de superficie rugosa e con oito brazos situados arredor da boca.

A cor non é fixa, depende do seu estado de ánimo sendo as máis frecuentes os tonos grises escuros con manchas doutras tonalidades.

A lonxitude do corpo, tendo en conta os brazos, vai dende 45 cms. ata pouco máis de un metro cun peso medio de 5 Kgrs. aínda que as tallas máximas poden chegar ós 3 mts. e 14 Kgrs. de peso.

Partes

Diferenciamos dúas partes: dunha banda os brazos ou tentáculos que en número de oito rodean a boca e que están provistos de dúas filas de ventosas, e da outra o que comumente se chama capeleira e que albergan ollos, boca, sifón, branquias e masa visceral.

Hábitat

Vive en fondos de natureza rochosa, escondéndose en grietas e cavidades que reciben o nome de "cunchais".

Alimentación

A súa base alimenticia son moluscos, crustáceos e peixes de pequeno tamaño, que leva á súa guarida ou cunchal.

Reproducción

Realiza unha migración invernal cara as costas para aparearse. Por medio dun brazo chamado Hectocólito, os machos introducen os espermatoforos na cabidade peleal da femia. Os ovos en cápsulas ovaladas son fixados na superficie das pedras en augas puco profundas. Desles nacen crías dun tamaño aproximado ós 3 mm. e morfoloxicamente igual ós adultos. Acadan a madurez sexual ó cabo dun ano.

Aspectos específicos da especie

Ten un elevado poder de camuflaxe, o que é unha importante defensa contra os seus inimigos, confundíndose coas rochas.

Arte

Aproveitanse as concentracións de primavera para pescarse.

Nécora

Debuxo



Forma, Cor e Tamaño:

De forma ovalada e simétrica, ten o seu corpo revestido dunha abundante pilosidade. De ámbolos dous lados do corpo saen as patas. A súa cor pardo verdosa en vida, tórnase vermella despois da cocción.

A talla media e de 63 mm. de longo e 84 mm. de ancho.

Partes

No corpo distínguese unha parte superior lisa, sen que exista unha diferenciación aparente clara entre cabeza e toro. Na parte inferior está o abdome, de forma triangular nos machos e máis redondeado nas femias.

No extremo superior atópase a boca, formada por varias planchas córneas de pequeno tamaño a cuíolos lados se dispoñen dous pares de antenas e un par de ollos redondos e saíntes. Ten cinco pares de patas, das que as dúas dianteiras están convertidas en pinzas moi robustas, os outros catro restantes son practicamente iguais, agás o último máis curto e aplastado.

Habitat

Vive en zonas rochosas e proximidades de bateas nunha franxa litoral de ata os 70 mts.

Alimentación

É omnívoro, comendo desde algas ata animais da súa propia especie, facéndoo fundamentalmente de noite.

Reproducción

A nécora é ovípara, chegando a poñer 250.000 ovos que transporta pegados ó abdome.

Aspectos específicos da especie

O máis destacable é a capacidade para automutilar algún dos seus membros co fin de defenderse dalgún atacante. Membro que logo será rexenerado. Hai que destacar tamen o acusado sentido da territorialidade que a leva a agredir ós intrusos.


Arte

Polo hábitat e características morfolóxicas -boca- o máis apropiado é a utilización das nasas.

A Acuicultura

Batea

É unha construción flotante feita a base de diversos materiais (madeira, ferro, poliéster, cordas e cemento. Incluso pódese utilizar como base un barco vello). Sobre duns frotadores constrúese unha malla a base de listóns de madeira dos que penduran as cordas que acadan unha lonxitude de ta 14 metros.



As crías de mexilón suxétanse ás cordas envoltas nunha rede moi fina de material soluble que se desfai ós poucos días, cando o mexilón se agarra á corda polos seus medios. Cada tramo vai separado por unhas variñas para impedir que se deslicen pola corda a causa do peso.


Para evita-la falla de alimentación faise o desdobre (deesminui-lo número de mexilóns por corda , repartíndoos noutras) dúas veces, ata chegar á talla comercial. Cada corda pode chegar ata os 100 kilogramos de mexilóns, dependendo da súa lonxitude, e o promedio de número de cordas é de unha por metro cuadrado, sendo a superficie media das bateas duns 400 metros cuadrados. Como cada mexilón filtra una media de 8 litros de auga por hora para realiza-las funcións respiratoria e alimenticia vese moi afectado polas marés bermellas e ó mesmo tempo pola cantidade de detritus que vai depositando no fondo condiciona moitísimo o medio que os rodea.

Para o cultivo do mexilón é imprescindible a utilización do balandro que realiza as funcións de transporte do persoal que traballa nas bateas, levanta cordas gracias á grúa de que dispoñen, a bordo realízase a clasificación e embolsado do produto e, por último, o seu transporte ó muelle.

Características:


TONELAXE	14 Tm.
POTENCIA	130 Cv.
DOTACION	4 tripts.

O número de balandros inscritos no concello é de 18, todos na ría de Aldán.



Mexilón

Debuxo



Forma, Cor e Tamaño:

A cuncha do mexilón está formada por dúas valvas iguais de forma semitriangular, puntiaguda nun extremo e redondeada noutro. A superficie da cuncha é lisa, marcándose só as liñas de crecemento.

Mide de 5 a 15 cm. segundo poboación. A cor externa é negra, as veces con tonos púrpuras, azuis ou marróns.

Partes

A cada lado do corpo están as branquias. O pé é moi forte, algo afundido na súa base, que é onde está situado o bisco. A charnela ten de 3 a 12 rugosidades.

O ligamento é externo e o interior presenta unha impresión muscular posterior ben definida. O corpo está envolto e separado da cuncha polo pregue dorsal do manto. O aparta-lo manto vense 2 palpos labiais.

Habitat

Vive fixo nas rochas da zona intermareal e queda o descuberto nas baixamares.

Alimentación

E unha especie filtradora, de xeito que cando pasa a auga polas branquias estas retención as partículas alimenticias -zooplancton, sustancias orgánicas dos detritus...- A súa dixestión é de tipo intracelular, e son os palpos labiais os que recollen as partículas das branquias e as seleccionan para levar á boca. O que non pode ser dixerido é expulsado.

Reproducción

E unisexual, e dura desde marzo-abril ata setembro-outono como máximo. Neste tempo teñen lugar dous momentos máis fecundos: un na primavera e outro no outono. Cada femia deposita entre 800.000 e 1 millón de ovos. O tempo de incubación depende da temperatura, sendo máis rápido canto máis quente estea a auga. O cabo de 2 semanas nace unha larva que nada durante 20 días, ata que segrega unha cuncha transparente e se fixa mediante o bisco a unha rocha ou calquer outro obxecto.

Cultivo do mexilón

O ciclo da produción comenza coa recollida de pequenos mexilóns, xa que na primavera basta con colgar varias cordas da batea para que se fixen as larvas que naceron nesta época. No outono recóllense mexilóns de pequeno tamaño dos bancos naturais -de 1 a 3 cm.-, e se suxeta á corda por medio dunha rede de malla fina, operación que se denomina encordado, rede que desaparece pola acción das augas, e co mexilón xa fixado.

O máximo crecemento do mexilón é nos meses de inverno. O peso inicial dunha corda é duns 10 Kgrs., é o cabo de 4 a 6 meses uns 100 Kgrs.

As cordas teñen unha lonxitude de 6 a 10 mts., mais non tocan fondo, para que non suban por ela os depredadores que atacan ó mexilón. Para que non resbalen e se repartan equitativamente ó longo da corda colócanse varios discos de madeira intercalados.

Cando a corda ten 100 Kgrs. faise o desdoble repartindo os mexilóns en varias cordas duns 30 Kgrs. cada unha, e suxetando con redes, é decir un segundo encordado. Durante o verán do 2º ano -xa leva de 10 a 12 meses- os mexilóns alcanzarán os 70 mm. de lonxitude, tamaño mínimo para a súa comercialización.

O peso final de cada corda é duns 100-125 Kgrs., e cada batea ten entre 300-400 cordas. A produción media por batea é de 40/50 t-ano, o que supón uns rendementos dos máis altos do mundo.

Piscifactorías


É o aproveitamento e mellora dos recursos naturais biolóxicos das augas. Este sistema de explotación nace como consecuencia do aumento da poboación e a progresiva deminución do número e cantidade de cada especie.

Os cultivos máis extendidos do noso entorno, agás o mexilón que pola súa importancia mereceu un capítulo son o de ostra e rodaballo.

O cultivo de moluscos en xeral, podería facerse no seu medio natural sen apenas custo, polas condicións idóneas que as rías ofrecen para estas especies. Non pasa o mesmo co rodaballo, cuido cultivo debe facerse en instalacións apropiadas, provistas dunhas piscinas que están recibindo un contínuo bombeo de auga do mar e nas que se clasifican os animais segundo os tamaños.

Nestas instalacións, recíbense cun peso comprendido entre os 2 e 8 gramos. Tras unha alimentación primeiro de piensos húmidos e máis tarde de peixes troceados (Para engordar un kilo é preciso darlle de 3 a 3,5 kilos de peixe) e, cunha vixilancia continúa por parte dos biólogos para evitar calquer tipo de enfermidade, sae ó mercado ó cabo de ano e medio ou dous anos cun peso medio de 2 kilos.

En Galicia existen neste momento 20 proxectos de creación deste tipo de instalacións. En Cangas hai dúas funcionando parcialmente, en Vilanova e Nerga, cunha produción anual prevista de 20 a 22 Tm. e 200 a 250 Tm. respectivamente.




Economía e Poboación

A poboación no Concello de Cangas, ó igual que tódalas Rias Baixas é elevada. Segundo o censo de 1986 é de 22.284 distribuídos en 5 parroquias.

As máis densamente poboadas son as que están orientadas cara Ría de Vigo (Cangas, Coiro e Darbo), mentras que as outras dúas (Aldan e Hio) teñen porcentaxes inferiores.


A poboación evolucionou moito a partir de 1900, chegando a cuatruplicarse, aínda que hoxe existe un estancamento por mor do descenso da natalidade.



Como se deduce do gráfico o sector primario é predominante na actividade económica do concello.

Aínda que hai que constatar un claro crecemento do sector servizos que pasou do 24% do ano 81 ata ese 31% do ano 86, e que deixa entrever cara onde se dirixen as perspectivas económicas de Cangas.

IMPORTANCIA DAS ACTIVIDADES ECONOMICAS
EN CANGAS - 1986



A pesca é sen dúbida a actividade económica máis importante que se desenvolve hoxe en día en Cangas. Poderíamos dicir incluso que é o principal motor económico que posibilita que outras actividades como a construción con 708 empregos, o comercio e a banca con 763, etc. se manteñan nuns niveis de ocupación e rendabilidade elevadas.

A pesca como actividade económica

Unha parte importante da poboación desenvolve actividades relacionadas coa pesca. Se observamos-la gráfica de número de postos de traballo en terra e número de mariñeiros embarcados, é fácil ver un desfase notorio. Isto é motivado polo feito de que unha grande porcentaxe de traballadores da pesca de altura fanno en barcos que teñen a súa base en portos próximos como Vigo e Marín.

A progresiva mecanización das fábricas e o peche de algunhas delas propicia o fenómeno descrito anteriormente.

Traballadores no mar

Do total de traballadores no mar -uns 3.237-, destaca o número de mariñeiros na pesca de altura, en torno ós 2.500, dos que unha terceira parte están enrolados en barcos propiedade de armadores de Cangas.

A pesca de baixura ocupa a uns 400 mariñeiros dos que máis da metade son tripulantes de motores. O resto repártese entre as pequenas embarcacións de un ou dous tripulantes.

Outra actividade pesqueira que ocupa a unhas 287 persoas é o marisqueo (pero hai que ter en conta que un 25% comparte esta actividade estacional coa pesca de baixura que a ocupa o resto do ano).


Hai finalmente, un sector que non se pode considerar propiamente pesqueiro, que é o cultivo do mexilón. É unha importante fonte de recursos para o noso concello, especialmente para a parroquia de Aldán.

Condições laborais e sistemas salariais na pesca

As condicións laborais dos mariñeiros non son decote todo o boas que sería de desexar, dado o esforzo e as duras condicións nas que deben desenvolver-lo seu labor. Concretamente, os mariñeiros galegos están aínda en inferioridade de condicións con respecto a outros -por exemplo os vascos na pesca do bacallao- no que se refire a tempos de traballo, salarios, vacacións, etc.

Todo isto vese favorecido por dúas circunstancias: por unha banda, a falla de organización profesional (sindicalización) e por outra o paro existente no país que non favorece a reivindicación de dereitos legalmente recoñecidos.

É preciso facer distincións entre a pesca de altura e baixura no referente ós temas de propiedade, xornada, cualificación requerida, etc. que se poden resumir nas seguintes:



BAIXURA

Barco propiedade do patrón

O mariñeiro controla todo o proceso de traballo

Traballo cáseque totalmente artesanal

Xornada semanal 60-80 horas

Vida familiar máis ou menos equilibrada

ALTURA

O propietario é un armador ou sociedade armadora

Traballo especializado

Amplia aplicación da técnica

Xornada de 80 a 110 horas semanais

Ruptura total da vida familiar

A cuantificación que se fai da xornada de traballo na pesca de altura é resultante dunha media, pero é normal que haxa xornadas de máis de 48 horas seguidas de traballo sen descanso. Pódese afirmar que o sector pesqueiro é totalmente atípico ó non haber unha duración da xornada de traballo, así como un horario fixo ou inexistencia de festivos.

En canto ó salario, existen varios sistemas que cambian duns barcos a outros. Pero poderíamos resumilos en:

BAIXURA:

Medianil = como indica o seu nome, hai un reparto ó cincuenta por cento. Unha parte para o armador e outra para repartir entre os mariñeiros.

A Parte = Fíxanse un número determinado de partes, poñamos por exemplo que hai cinco. O normal sería que dúas delas foran para o armador e as tres restantes a repartir entre os mariñeiros. Pódense dar casos nos que as partes fanse unah vez descontados os gastos.

ALTURA:

O sistema salarial de altura poderíamos encaixalo dentro da categoría de salario "á parte" con pequenas variacións.

Das ganancias brutas, tamen chamadas Monte Maior, descóntanse os gastos xerais (víveres, combustible, etc.). O que queda repártese a un 50% entre o armador e mariñeiros. Agora ben, o mariñeiro debe pagar da súa parte correspondente un tercio da seguridade social. Mentras que o armador debe pagar da súa parte os dous tercios da seguridade social de tódolos mariñeiros e ademáis un salario, independente da súa parte, ós mariñeiros tecnicamente cualificados (capitán, patrón, motorista, etc.). Hai que ter en conta tamen que nun sector da pesca de altura hai garantizado un salario mínimo mensual, que é máis ben baixo.

A relación directamente proporcional da ganancia co volume de capturas determina un amplo abano de ingresos que van desde as ganancias nulas ata rendas elevadas.

Marisqueo

Cando falamos de marisqueo estamos a referirnos ós moluscos bivalvos (vieira, ameixa, croque...) porque os outros mariscos contabilízanse dentro da pesca de baixura.

A meirande parte do marisqueo nó noso concello faise en barco, dado que a urbanización da costa fixo que desapareceran moitos areeiros.

Isto contrasta coa cantidade de licencias de marisqueo a pe concedidas en Cangas, que gran parte delas son para mariscar nas praias de Moaña.

Licencias concedidas en 1987

sistema	cantidade
En barco.....	5
Carnets de 1ª.....	118
Carnets de 2ª(a pé).....	154

A pesar da importancia do marisqueo pola cantidade de persoas que o practican, é moi difícil cuantifica-las extraccións e do produto derivado delas, debido a que gran parte do produto non pasa pola lonxa, o que é unha mostra máis da desorganización que sofre o sector pesqueiro en xeral. A falla de datos reais lévanos a non conseguir posibles subvencións, inversións en infraestructura, racionalización de explotacións, etc.

Segundo datos da Consellería de Pesca, a produción da lonxa de Cangas foi na campaña 1987-88:

ESPECIE	DIAS	KGRS.	VALOR EN PTS.
Ameixa babosa	15	1.083	1.672.888
Ameixa rubia	52	117.875	50.428.825
Cornicha	31	89.165	24.389.955
Vieira	1	12 ducias	13.310
TOTAIS.....		208.123	76.509.978

O cultivo do mexilón

Ten unha importancia fundamental na ría de Aldán, onde se atopan os dous polígonos máis vellos do concello, Cangas-A e Cangas-B cun total de 101 bateas. Existe outro polígono na Ensenada de Liméns cun número de 151 bateas, pero que non repercuten na economía de Cangas, ó seren trasladados de viveiros xa existentes en Moaña.

No referente ó concello, a produción é dunhas 6.060 toneladas anuais que varían de precio según as temporadas e demanda, pero que supoñen unha media de 400 millóns de pesetas.

A importancia que para a economía da Ría de Aldán ten o cultivo do mexilón non se traduce en creación directa dun notable número de postos de traballo, xa que estes redúcense a 50, sendo a meirande parte explotacións familiares. Indirectamente repercute no sector conserveiro e de depuración.


Traballadores en terra

O número de postos de traballo en terra relacionados coa pesca sobrepasa escasamente os 800, que se reparten como se ve no gráfico.

Hai que suliñar que o número podería ser aínda maior se contara cunha infraestrutura adecuada -en instalacións portuarias, lonxa, redes viarias adecuadas- que posibilitara a realización de todo o proceso -descarga, conservación e comercialización-.

TABALLADORES NA TERRA

EN CANGAS - 1986



■ TOTAL

Conserva

A fabricación de conservas é unha actividade derivada da pesca que máis importancia ten en tódolos aspectos: polo número de postos de traballo que crea, polos beneficios económicos que xenera e pola importancia que ten nas exportacións galegas. Hoxe a práctica da conservación redúcese practicamente ó conxelado e ó enlatado.

CONXELADO: É o sistema máis moderno, está en franco aumento, sobor de todo para a flota que pesca nos caladeiros máis alonxados. Faise de modo inmediato e como consecuencia, a perda de compoñentes nutritivos é cáseque nula. Provoca a proliferación de grandes instalacións perto do punto de desembarque, que teñan garantizado o suministro de enerxía e adaptadas á menor perda de frío posible.

Actualmente están en funcionamento ó lado do muelle de Cervera, instalacións frigoríficas cunha capacidade de almacenamento entre 14 e 16.000 toneladas.

ENLATADO: É o máis fácil de comercializar tanto pola facilidade como polo longo tempo de conservación. O peixe cócese e despois de meterlle unha salsa para darlle mais sabor, é pechado hermeticamente. Hoxe o sistema cambiou, primeiro enlátese cru para despois, unha vez cerrada a lata, cocelo.

Outros sistemas máis tradicionais de conservación que se seguen a practicar en menor medida son:

AFUMADO: déixase que o peixe seque poñéndoo ó fume das fogueiras de madeira de carballo, loureiro, etc.

SECADO: faise despois de elimina-las vísceras do animal.

SALGADO: consérvase o peixe envolteito en sal.

A conservación a gran escala foi introducida en Galicia polos cataláns a mediados do século XVIII e xa no ano 1808 das 400 factorías conserveiras de alazón existentes en Galicia, 320 estaban en mans dos cataláns. A proximidade da sardiña e as condicións naturais da costa determinaron a súa instalación. E así por exemplo, na bisbarra de Vigo estaban en 1804 o 22% dos cataláns adicados ó salgado. Aínda hoxe pódense ver no noso concello as ruínas de fábricas de salazón (Vilanova) que se viron forzadas a pechar pola decadencia deste sistema de conservación para os peixes pequenos, substituído polo enlatado. Fábricas de enlatado chegou a haber en Cangas unha ducia, a maior parte delas hoxe desaparecidas por diferentes razóns (Mala xestión, crise económica, aparición do conxelado, etc.)

**FABRICAS
EXISTENTES**

Massó Hermanos
Iglesias
Curbera
Paganini
Chamadoira - Aldán
Comercial Marisquera

**FABRICAS
DESAPARECIDAS**

Eiroa
Azpeitia
Rodeira
Legarda
Cervera
Olegario
Abalo
Bobo
Pucho Lago
Legarda
Pellín
Chamadoira - Cangas
Río de Esteiro

Estas fábricas dan emprego a unhas 625 persoas, das que un 50% aproximadamente pertencen á categoría de fixas-discontínuas e economía sumerxida. Teñen unha produción de máis de 7.700 toneladas anuais. Desta cantidade vai un 16% ó extranxeiro (América do Norte, Europa e Africa), quedando o resto no mercado español. A demanda de conserva tivo un descenso como consecuencia dos sucesos provocados polo aceite de colza desnaturalizado. A isto hai que engadir que a entrada na CEE perxudicou notablemente ó sector conserveiro español ó ter que soporta-las exportacións uns aranceis un 12% superiores ás gregas e portuguesas. Outra dificultade que a comercialización da conserva atopa é a falla de vías de comunicación en mínimas condicións que favorecen a saída dos produtos de forma rápida.

Desde a década pasada vense observando unha deminución progresiva do número de traballadores da conserva. Debido principalmente é mecanización, que xunto cunha maior especialización, permiten mante-la produción cun menor coste.

A industria Baleeira


A industria baleeira obtén carne para o consumo humano, produtos de perfumería, fariña e aceites industriais fundamentalmente. En Cangas existía unha factoría baleeira -unhas das tres existentes en Galicia- que hoxe se atopa inactiva por mor da moratoria establecida polos organismos internacionais. Este cese da capturas da baleas ven provocado polo alarmante descenso do número de exemplares dalgunhas especies e case extincións doutras.

Os produtos da balea tiñan pouco consumo, tanto en Galicia como en España, polo que se exportaban ó Xapón.

Esta factoría de despece de baleas estaba no Salgueirón, perto do campo de fútbol, aínda se pode aprecia-la rampa pola que eran izados os animais.

Na lonxa, para comenzar, o peixe debe mostrarse clasificado en diferentes categorías según tamaños ou calidades. O comprador escolle o lote que lle interesa e ofrece un precio por el. O mellor precio leva o produto (Subasta á alta). Pero na lonxa de Cangas faise a venda seguindo un sistema distintos (subasta á baixa). Como di a palabra, o peixe ten un precio inicial que se encarga de cantar un subastador e que vai baixando ata que un comprador interesado fai un sinal de aceptación polo último precio cantado.

ESQUEMA DA ORGANIZACION DUNHA LONXA DE CONTRATACION



A lonxa de Cangas ten un escaso movemento. Isto débese, según pensan maioría dos implicados, o feito de que haxa poucos compradores (gran parte deles desplázanse a outras lonxas nas que teñen maior oferta), o que obriga a trasalda-las capturas a lugares nos que haxa unha maior demanda.

En todo ese proceso da comercialización é moi difícil de cuantifica-lo número de postos de traballo que xenera. Moitos deles están xa incluídos nos datos dos seus respectivos sectores (conserva, depuración, cocedeiros) pero podemos afirmar que no mercado de Cangas, adicados á venda directa de peixe hai un promedio de 92 vendedoras.

Muelles

A situación do concello de Cangas en canto a muelles é totalmente deficitaria se temos en conta a cantidade de barcos, tonelaxe e poboación adicada á actividade da pesca.

En todo o concello a infraestrutura redúcese a:

Cangas

Liña de atraque. Conta con 682 mts. dos que 232 corresponden ó muelle pesqueiro (72 mts. cun calado igoal a 2 mts. ou menos e 150 mts. entre 2 e 4 mts.). Outros 144 mts. ó muelle comercial (entre 2 e 4 mts. de calado). E por último 132 e 174 mts. ó muelle de Ribeira N. e muelle de Ribeira S. respectivamente (ámbolos dous quedan ó descuberto coa mare bacía).

Dous varadeiros na parte posterior da nave de vendas (usados para a varada de embarcacións).


Superficie de flotación, cun total de 12,76 Ha. nas que o calado vai dende 1 ata 8 mts.; correspondendo máis do 80% a un calado entre 6 e 8 mts.

Un muelle de concesión privado, no que só atracan barcos dos donos dos frigoríficos.

Superficie descuberta, para servizos, carga, descarga, redes, caixas... con 7.776 m².

Superficie cuberta cunha pequena lonxa de 112 m² e 102 e 406 m² repartidos entre a estación de peaxe e tinglado cuberto para pasaxeiros.

Servicio de carburantes con tres depósitos de gasoil de 25.000 litros c.u. e 1 depósito de gasolina de 2.000 litros.



Aldán

Liña de atraque que conta con 132 mts. dos que 89 teñen menos de 2 mts. de calado e 43 mts. teñen entre 2 e 4 mts.


Rampas e varadeiros que quedan totalmente ó descuberto coa baixa mar.

Superficie de flotación, onde dispón de 2,23 Ha. das cales o 60% supera os 4 mts. de calado.

Superficie descuberta da que ten 5.130 m².

Superficie cuberta que se limita a 250 m² que corresponden a lonxa.

Servicio de carburantes cun depósito de 25.000 l.



Vilariño

Liña de atraque , o muelle de Ribeira con 71 mts. de lonxitude.

Dúas rampas.

Superficie descuberta, 437 m² adicados á carga-descarga e varado de chalanas.

Depuradoras

Son instalacións que se sitúan perto do mar, provistas de estanques de auga salgada corrente e nas que se depositan os moluscos, un mínimo de 24 horas, para que eliminen toxinas ou microorganismos perxudiciais para o consumo humano. No concello contamos con unha depuradora, sita na antiga fábrica de Cervera, Mariscos Currás SL.

Legalmente todo molusco que se comercializa ten que pasar pola depuradora e identificarse por medio dun etiquetado a data de envasado. Traballan nesta actividade 12 persoas.

Outras instalacións que se relacionan co cultivo e conserva de mexilón son os cocedeiros, ademais dos que hai en tódalas fábricas conserveiras, contamos cunha factoría que se adica a este mester, que é Pescados Marcelino.

Redes

Había ata fai pouco tempo dúas fábricas de redes. Unha Vilasmar, pechou por problemas económicos. A outra, Marina Hispánica SL, fundada en 1962 e máis coñecida como fábrica de Camiña, sigue en activo con 3 teares en funcionamento e dando emprego a 30 persoas. Ten unha produción estable de 25 a 35 toneladas anuais que se fai sobre pedidos e que comercializa en Vigo (70%), Canarias (25%) -gran parte a barcos do concello- e o 5% restante na Coruña e Marrocos.

A produción de rede máis fina é usada nos caladeiros do Gran Sol e Canadá, mentras que a máis grosa emprégase en Sudáfrica e Malvinas.

Para paliar os desperfectos que sufren os aparellos en cada campaña, e dado o seu alto coste, obriga á súa reparación constante para a súa conservación. Este proceso da emprego a unha cantidade variable entre 30 e 35 mulleres que dunha maneira artesanal realizan o seu traballo enriba dos muelles ou en chabolas.

Industria Conxeladora

A única empresa conxeladorado concello é Morrado SA, que fai pouco tempo que está a funcionar, e conta cunha capacidade de 12.000 toneladas, e con 21 traballadores fixos e 70 discontinuos.

O muelle é de concesión, e nel poden atracar mercantes e pesqueiros de calquer nacionalidade pero só cando traen mercancías para os propios frigoríficos.

Comercialización

Outro apartado dentro dos traballadores en terra relacionados co mar é todo o proceso de comercialización.

A comercialización dos produtos da pesca e marisqueo está encauzado a través das lonxas. A lonxa é o lugar onde concurren os armadores, como vendedores, e os maioristas ou intermediarios, como compradores. Estes intermediarios son os encargados de enviar a mercadoría ós distintos mercados de venda.


ESQUEMA DUN PROCESO DE COMERCIALIZACION



Non sempre este esquema é válido. En moitos casos hai unha organización familiar que controla todo o proceso. Isto é, o home captura as especies que despois a muller se encarga de vender na praza, o que da un maior beneficio á economía familiar. No caso da comercialización do mexilón, hai xa unha organización máis capitalizada, pois a súa venda ó detal nos mercados da zona é escasa e o seu carácter de produto fundamentalmente de exportación, faino precisar dunhas condicións especiais de transporte, depuración e conservación.

Un 10% do total da produción (6060 toneladas) vai destinado á conserva. O resto comercialízase para o consumo en fresco. Desta parte un 75% expórtase a Francia, Alemaña, e Italia, principalmente. O 25% restante vai ós mercados de Madrid, Barcelona e Valencia.

ESQUEMA DO PROCESO DE COMERCIALIZACION DO MEXILON



Historia do Barco


Hai unha serie de factores que inflúen na construción naval: ferramentas das que se dispón, materiais que empregan, uso que se lle vai dar ó barco onde vai navegar.

Ademais diso non hai que deixar de lado a importancia que os contactos e intercambios que ó longo da historia mantiveron os pobos entre si, vai ter na evolución do barco. E niso Galicia pola súa situación vai ser unha privilexiada. Xa dende tempos prehistóricos os habitantes das costas galegas verán pasar polas súas augas barcos de distinta procedencias: fenicios, romanos, suevos, vikingos,...

Evolución e influencias

A grandes rasgos sería como sigue:

- un simple tronco;
- troncos unidos, daban máis estabilidade, chegando incluso a xuntar tres, este tipo de balsa será o antecesor da "gamela da Guarda";
- monoxila. Era un tronco carballo excabado a fogo con axuda dalgunha ferramenta (pedra, bronce e máis tarde ferro). Aumentábase a manga enchéndoo de auga e botándolle pedras quentes. É usado no paleolítico entre as illas e terra firme.



Monoxila de Puentecesures

Barcos forrados de pel. Foron usados polos habitantes dos castros para navegar polas rías, e incluso realizaban navegación de altura. (Petroglifos de Meira teñen moita similitude con outros en Bretaña, Irlanda, Creta e Exipto). ¿Foron autóctonos ou veunos o seu coñecemento de Mesopotamia e Exipto, onde xa eran usados no 4.000 a. C.? O que sí é certo é que sería un descubrimento lóxico por parte dos habitantes daqueles tempos, xa que coas ferramentas que tiñan éralles moi difícil traballa-lo o salgueiro, a bidueira, freixo, carballo... que ademais de duros, eran moitos deles sagrados.

Este tipo de barco será usado simultaneamente cos modelos anteriores e observados polos romanos cando chegaron a estas terras. Son nomeados por Strabón e Plinio.

Pero xa antes dos romanos, é moi probable que fora vista or estas costas algunha nave exipcia, xa que chegaron a penetrar no Atlántico na busca de estaño. Eran unhas naves que tiñan a popa e proa elevadas, de liña moi fina e fondo plano; con mástil e vela rectangular. Quizais foron os pirmeiros que gobernaron o barco cunha espadilla ou remo especial.

Do que xa non hai dúbida é do paso dos fenicios polas nosas costas e ademais cun comercio organizado (moedas púnicas atópanse nas salinas de Nerga).

Estaban construídos de abeto, cedro ou piñeiro, levando reforzos de ferro ou cobre. Tiñan dobre proa, vela rectangular, falsa quilla e con posibilidades de levar cuberta e adegas (en ocasións chegaban a 200 Tm.). Usaban varios rizóns de pedra (restos en Melide, Cíes e Area Brava). Moi semellantes á primitiva poutada, usada aínda hoxe polos pescadores de liña, aínda que agora a armadura é de madeira...

En canto ós romanos, polo activo comercio que mantiveron coa zona (camiños romanos, casa de Pimpin...) é moi posible que se construíran por aquí pequenos muelles e asteleiros, nos que se facían barcos de pesca, de tipo scaphad, de dobre proa e naceados a tope. Este feito implica un adianto moi grande para o sector pesqueiro.

Os barcos romanos eran estruturalmente mellores que os fenicios. A carga ía na adegas e a súa medida viña dada pola cantidade de ánforas que podían levar.


Todos estes pobos proviñan do Mediterráneo, mar de condicións moi distintas ás do Atlántico. Coa invasión dos suevos, que é un pobo máis agricultor dáse un aillamento co mundo exterior marítimo, a construción naval faise máis nosa, máis atlántica.

Xurde así o **Sarcinaris**

Excelente barco para o noso mar e para aqueles tempos. Manterase ó longo de toda a Idade Media, aínda que o lóxico, con cambios debidos sobor de todo ás incursións de sarracenos e vikingos. Concretamente Xelmírez mandou construír unha flota para loitar contra esas invasións. As últimas naves eran moi parecidas as sarracenas; estes acontecementos como non, van influir positivamente na construción naval, no desenrolo da pesca e do comercio. O Sarcinaris, picana ou lancha é un barco usado polos pescadores de Padrón e a Lanzada. Ten de 10 a 12 mts. de eslora, 3 a 3,5 de manga e de 10 a 14 homes segundo a pesca (corcel, salgada ou xeito).


Coa aparición do cerco real en 1.180 quédase pequena e tuvoise que construír outra nave.

SARCINARIS



MEDIDAS APROXIMADAS

Eslora 10 m
Manga 3 m
Puntal 1 m
Paxas 10 x 12
Cabo 75




Trincado ou Galeón

É de tingladillo de 16 a 18 mts. de eslora, 3,5 e 4 de manga e de 1,5 a 2 mts. de puntal. Ten a popa cuadrada e proa non moi lanzada. Era movido por 21 homes contando co Peltre -rémo que fai de timón-. A vela primeiro era latina e logo pasaría ó tercio.

Para a práctica do cerco era auxiliada normalmente por 10 embarcacións menores (para o cerco precisábanse 120 homes).

Co tempo foise adaptando ademais a outros usos: en 1.543 na defensa de Muros contra os franceses, ó diminuí-lo número de aparellos vanse adicando ó contrabando e o corso (no 1800 armaron unha en Beluso con 8 cañóns e polos seus éxitos chamáronna "Vencedor". Na guerra da independencia fíxose unha armada no Morrazo para loitar contra os franceses, a partir do XVIII coa extinción do cerco real sufriría algúns cambios para adaptalos ó transporte (cuberta máis ampla, escotilla para carga, pau fino, a vela pasou a caranguexa e foque, nalgúns casos a popa faise redonda).



O mesmo tempo, como auxiliares destas embarcacións, ou pola esixencia das novas artes que van aparecendo, xurden outras embarcacións:

-Gamela da Guardia, derivada da monoxila, e a de ascendencia máis antiga de toda a costa.

-Lanchas pinacas-faluchas, sin grandes variacións respecto ó sarcinaris, con dobre proa e dende o século XIII-XIV de popa recta. Adicase ó pequeno transporte e contrabando con Portugal.

-Pirlos ou botes, tamén chamados bucetas e canoas. Auxiliar para o cerco real. Usase nas Rías Altas, concretamente entre Muros e Noia.


-Gamela de Baiona e Ría de Vigo, usada para pesca do cordel e nasas.

Estora 4,45 m.

Manga 1,70 m.


Escala 1/50

GAMELA DA RIA DE VIGO



- Gamela de Cangas, máis esbelta que a anterior e máis fácil de manexar e varar (proa e popa rectas).
- Gamela de proa cuadrada, como auxiliar doutros barcos e para o marisqueo.
- Topetes, con 5 remos por banda e vela ó terció. Usase para a pesca de altura.
- Volanteiro, con 6 remos por banda e 5 ou 6 bancos. Adícase a pesca con volantas.
- Boliche, que se adica a esa arte. Ten unha eslora de 8 mts, 2,10 de manga e 0,8 de punta.
- Pulpeiro ou polberio, usados en Beluso e Bueu fundamentalmente. Teñen unha gran manga en relación coa eslora.
- Barco do Río Miño, é de tingladillo e de clara orixe nórdica. (Tui sufriu razzias dos normandos).
- A dorna, tamén de tingladillo, é unha evolución do barco do Miño. Pónselle o timón a partires do século XIII-XIV. Hoxe navegan plas rías de Arousa e Pontevedra.


DORNA XEITEIRA O TRAMALLEIRA



-Traiña, apareceu por estas costas a finais do século XIX para a pesca da sardiña con traiña. Levaba de 9 a 10 remos por banda.

Dela derivaron outras máis pequenas para a pesca de boliche, rapetas, incluso xeito. Pronto se lles puxo motor.

A traiña durou medio século, pois foi desplazada polos barcos de vapor. Vapor que pronto foi reemplazado polos motores de explosión actualmente en uso.



Cultura e Tradicións da Pesca

A importancia que a pesca tivo e segue a ter na vida dos homes galegos, a experiencia destes no seu combate diario orixinou infinidade de formas na literatura popular que a teñen como motivo. Unhas veces para gabarse do oficio, outras para facer unha crítica da situación social por ela provocada e cáseque sempre cunha fonda retrans. Desde lendas ata contos e historias, refráns e cantigas, e tamén os alcumes da familia ou da persoa teñen relación co mar e cos peixes: desde lancheras ata xoubas e castañetas, ou será difícil atopar infinidade de nomes de animais mariños en tódalas parroquias. Como exemplo queremos reseña-lo que segue que non pretende ser máis que unínfimo mostrario se o comparamos con todo o que hai.

Refráns

A experiencia da repetición de determinadas circunstancias asociadas a fenómenos climáticos fixo xurdir unha pauta de predicción meteorolóxica que non adoita fallar.

Deste xeito, naceron refráns como os de:

Gavotas ó mar, mariñeiros a pescar.

Ou o seu contrario:

Gavotas a terra, mariñeiros á merda.

Outros son moito máis explícitos á hora de predici-lo clima:

Couso con Udra, chuvia segura.

Esta expresión fai referencia ó fenómeno óptico que a xeito de lente produce a atmósfera cando está saturada de humidade e que fai que se vexa todo máis próximo.

Mar en ríos, chuvia e fríos.

Lúa nova trovada, trinta días de mollada.

Este último asocia o ciclo da lúa coa crencia popular de que o tempo seguirá durante todo o ciclo igual que se presentou no seu inicio.

Noutras ocasións os refráns sirven para crítica-las fromas de relación entre patronos e mariñeiros:

*fillo de patrón caga ó pe do pau
e o patrón caga no timón.*

Outras, xustifica o sometemento á autoridade con expresións que se estenderon a outro tipo de relacións humanas (familiares por exemplo):

Onde hai patrón non manda mariñeiro.

Esa mesma capacidade de observación que se vía na predicción climática utilizouse para deixar ben claro cal era a época de cada especie:

*Faneca de xaneiro, sabe a carneiro.
A sardiña en abril, cóllea polo rabo e deixaa ir
en maio pinga no borrallo,
en San Xoán pinga no pan.*

Cantigas

Outro tanto como o que vimos de falar no caso dos refráns sucede nas cantigas. Algunhas delas serían hoxe impensables polo que supoñen, por exemplo, en relación ó traballo da muller e ó seu papel na sociedade. Con isto quérese dicir que, se ben debemos aceptar as expresións da cultura tradicional, non podemos deixar de analizarlas no seu contexto social e con ollo crítico.

*Non te cases cun ferreiro
que ten moito que lavar
cásate cun mariñeiro
que ven lavado do mar.*

Outras da súa vida sacrificada e pouco aproveitada:

*Non te cases cun mariñeiro, cun mariñeiro
porque cando ven do mar
moito traballo e pouco diñeiro.*

Mesmo comparada coa dos señoritos:

*O peirao non é peirao
dos mariñeiros do mar
é a praza dos señoritos
que veñen a pasear.*

Outras veces non é a pesca en si o tema da cantiga, senon os animais a capturar:

*Os suspiros dunha mincha
as bágoas dun mexilón,
os cantares dun percebe
fan chorar ó camarón.*

Ou mesmo aves mariñas que conviven a diario cos mariñeiros nos peiraos e no mar e que se convierten nas súas vítimas, unhas veces involuntarias e outras

polo puro placer de matar. A cantiga que segue é orixinaria en concreto de Cangas e cántaselle ós nenos desde que son ben pequenos:

-Gavota, gavota

¿que levas no bocho?

-sardiñas asadas

-¿quen chas asou?

-María Cou-cou

pasou polo río

e non se mollou.

-Arau, arau

cabeza de pau.

Tizón, tizón

para Salgueirón.

Adiviñas

As adiviñas están relacionadas cos hábitos dos animais:

É un becho moi valente

mais en quedando durmido

deixase ir pola corrente

(o camarón)

Coas súas características biolóxicas:

Fun andando por camiño

rezando meu padre noso

encontrei un velliño

coa carne dentro dos osos.

(o caranguexo)

Ou xoga co seu nome, neste caso xenérico:

¿Qué cousa para adiviñar é

que antes de ser xa é?

(o pescado)

Toponimia

Pero se hai algo que non se escapa da influencia desta actividade do home, fundamentalmente en función das boas pescas que se poden producir ou a abundancia de especies determinadas é a toponimia, tanto mariña como terrestre.

Punta Fanequeira

Punta Robaleira

Punta Centoleira

Algúns outros teñen que ver co feito de seren lugares de descanso e reposo de aves

mariñas, este é o caso de grande cantidade de cons:

Con do Arau

Con do corvo


Outras fan relación a antigas cosntruccións portuarias (Liméns, en grego porto) ou Salgueirón que poidera proceder de salgado pola existencia dalgún salazón.

Con isto non damos por zanzado este tema pero cremos que pode ser unha liña a seguir.

Expresións

É frecuente en tódalas épocas e en tódalas culturas estender frases do argot dunha profesión ou grupo social a situacións semellantes as que deron orixe ás expresións, pero que xa non teñan que ver co contexto no que xurdiron. O mesmo que sucede coa toponimia que denota a importancia dunha actividade humana na vida dunha comunidade, tamén o case monocultivo truxo a aplicación de expresións mariñeiras á vida terrestre en situacións tan diversas que abarcan desde as relacións humanas no seo familiar *Haber mar de fondo cando hai enfado* ata a disculpa para non aceptar unha invitación dun amigo para beber *O barco está sellado* porque, ó mellor, o día anterior chegou a casa un pouco "escorado" (bébedo). Non é difícil, mesmo escoitar frases como: *Embarcou nun taxi e marchou*. Do mesmo xeito cando un ameaza coa forza dos puños ou da man vainos *dar co remo*. Pero cando xa un non está para moitos trotes debe *ir ó carro* (ir ó médico). Nos traballos ás veces hai que *botar-lo rizón* e frenar un pouquiño o ritmo porque non se dá aguantado e outras veces hai que *arriar* e deixar todo plantado. Noutras ocasións hai que agardar mellores circunstancias e *poñerse ó socairo* para se gardar dos ventos desfavorables e evitar poñer en perigo algunha empresa ou relación.

Poderían citarse moitas outras expresións, pero non se trata de facer unha colleita somera de expresións, senon máis ben de dar unha idea.



A Casa Mariñeira

O concello de Cangas non escapa á destrución progresiva da arquitectura popular que se está a dar en tódolos pobos da costa galega. Arquitectura que hoxe xa non se fai, pois xa non se dan as condicións tanto materiais como urbanísticas que motivaron a súa aparición.

O realmente grave non é tanto iso, senón tanto o deterioro que sufren as construcións destas características -manifestación dunha arquitectura popular e orixinal- como a falla duns criterios arquitectónicos propios que dan como resultado unhas construcións sen personalidade.

Esta arquitectura viña imposta pola necesidade de atopar lugares protexidos dos ventos, con bos fondeaderos e adaptadas á principal actividade dos seus habitantes que é o mar... De ahí que as casas estean apiñadas aproveitando ó máximo a protección do lugar, seguindo as curvas de nivel, co que dan lugar a esas estreitas e empinadas rúas paralelas, tendo as veces no seu recorrido escaleiras ou rampas por onde subir as gamelas.

Ó estar construídas entre medianeiras as casas mariñeiras teñen moi pouca superficie, contando en xeral cunha sala na entrada da casa, unha pequena cociña e un cuarto compartido por toda a familia.

Estes elementos artículanse de diferentes maneiras dando lugar no concello a un modelo concreto que se chama a **Casa de Patín**. Centrándonos no núcleo mais significativo que é o pobo de Cangas, aínda que tamén hai outros lugares destacados de arquitectura popular no concello, este artellouse a partir do peirao, onde desembocan diversas rúas paralelas.

As casas están construídas en base a pedra de granito con sillería labrada (perpiaño) ou de cachote. Os accesos á segunda planta destacan por facerse na maioría dos casos por patíns de pedra, que son unha das mellores mostras no seu xénero, ó que se lle engadirá posteriormente unha pequena cuberta e que se cerra mais tarde por un dos lados, co que se gaña un pequeno espacio, para almacén en moitos casos. As aberturas cara o exterior redúcense ó mínimo tanto en fenestras como en portas, as veces é un único exemplar. O igual que nas casas de campo que teñen o cortello, nas casas mariñeiras hai un pequeno almacén na parte terrea coa súa propia porta, é onde se gardan os aparellos do traballo -redes, remos, artes ...-

Posible esquema de programación

CRITERIOS

Os niveis a comentar son:

1- A nivel de contidos

Partir sobre todo de aqueles aspectos que poden actuar como núcleos globalizados. Dentro destes é convinte plantexar o seu estudio dende o punto de vista de investigación e descubrimento, baixo criterios o mais científicos posibles.

Neste senso os temas deben ser plantexados baixo a óptica de problemas a investigar, as súas causas e medidas correctoras.

2- A nivel metodolóxico

O proceso de traballo e investigación por parte dos alumnos/as ten que segui-los seguintes pasos:

1 Delimitación dos elementos e problemas a investigar;

2 Elabora-lo plan de traballo:

2.1 Conceptos que se deben elaborar e asimilar;

2.2 Fontes e recursos que se dan no propio entorno e onde se pode conseguir información;

2.3 Actividades a realizar para levar a cabo o traballo.

3 Formulación de posibles causas e medidas correctoras sobre os aspectos problemáticos da realidade a estudar.

4 Comprobación, valoración e comunicación dos resultados.

Simultaneamente á investigación, vaise elaborando un esquema global que poña en relación tódolos elementos que se van estudiando.

A nivel didáctico a interdisciplinaridade é o criterio guía.

3 Actividades

Podemos dividilas en tres grandes grupos:

1 A actividade global que unifica todo o traballo de investigación, e que mostra os seus resultados. Ademais de ter un componente dinamizador motivador para os alumnos/as.

Pode ser un periódico, un mural ou panel, un programa de radio, unha exposición, un pequeno libro, unha colección de planos ou mapas, un reportaxe de diapositivas ou fotos.

2 As actividades normais para a realización do traballo e onde destaca o traballo de campo, o contacto directo coa materia a investigar e os seus elementos.

Visitas, entrevistas, enquisas, bibliografía, institucións...

3 Actividades relacionadas cos aspectos problemáticos e que estean orientados a incidir directamente na realidade por parte dos alumnos/as, tratando de ofrecer diversas solucións e favorecendo o intercambio de opinións entre as diversas posturas que podan existir.

Concretamente envíalos resultados do traballo ás institucións pertinentes, organizar debates, publicalos resultados entrando en contacto cos medios de comunicación, radio, periódicos, revistas, organizando campañas...

4 Técnicas

Apartado básico para ter éxito na realización do traballo, ó ser este de carácter investigativo e de contacto directo ca materia a estudar.

Así a realización de fichas de saída, de vocabulario, a realización de esquemas, planos, mapas, resúmenes, experiencia de laboratorio, de diapositivas, transparencias...

Sen un claro dominio das diferentes técnicas que se van a empregar no estudio dificilmente o alumno pode estar en condicións de conquistar un resultado positivo.

Actividades suxeridas segundo os capítulos

Medio físico:

- Visita a lugares desde os que se poidan diferencia-los accidentes xeográficos.
- Localizar no mapa diferentes accidentes.
- Realizar gráficos de profundidade, cortes esquemáticos do relevo.
- Situa-las rías na latitude e lonxitude.
- Mural dos ríos que desembocan na ría e face-lo seguimento de un.
- calcular distancias sobre o mapa.
- Facer unha maqueta da ría.
- Facer un listado de topónimos d costa ou relacionados co tema.

Barcos, artes, caladeiros e especies:

- Visitas a barcos de diferentes características e tamaños.
- Mural dos diferentes tipos de barcos cos aparellos e especies pertinentes.
- Localizar caladeiros e especies no mapamundi.
- Facer un recetario con peixe.
- Redactar un día na vida dun mariñeiro, entrevista a un mariñeiro, a un armador.
- Exposición de maquetas de barcos elaborados polos rapaces.
- Inventario de nomes de barcos e pregunta-lo ¿por qué?.
- Averiguar medidas dos barcos, capacidade de carga, consumo, velocidade...
- Face-lo itinerario dun barco.
- Debate sobre a explotación do mar e da desaparición de especies. Alternativas.
- Mural: clasificar especies atendendo a diversos criterios (branco-azul; altura-baixura; Crustáceos-moluscos...)

Acuicultura

- Visita a unha piscifactoría ou batea.
- Proceso e labores que se realizan. Facer un mural. Relaciona-la procedencia das materias primas precisas.
- Estudio da especie observada.
- Calcula-los ingresos medios, tendo en conta a produción e o precio.
- Analizar aspectos problemáticos:
temporais marés roxas superproducción
- Construí-lo camiño da comercialización dende o supermercado ata a batea.

Economía

- Visita a unha lonxa, mercado, frigorífico, fabrica de conservas ou de redes.
- Visita a unha OMIC (Recabar datos de consumo).
- Aspectos problemáticos a estudar e debater:
 - falta de infraestrutura exeitada
 - condicións de vida dos mariñeiros
 - o paro no sector conserveiro e mariñeiro. A crise industrial.
 - as relacións internacionais e a CEE (aguas xurisdiccionais).
- Realizar un mapa de infraestructuras: fábricas, polígonos, piscifactorías.
- Realizar un mapa das zonas de marisqueo e outro de polígonos de bateas.
- Realizar gráficos de poboación activa cos datos dos pais dos alumnos/as do colexio, facendo una enquisa previa.
- Estudio comparativo de precios:
 - entre diferenes lonxas
 - en diferentes días
 - da lonxa e do mercado...
 - calcular porcentaxes
- Realizar gráficos de produción por especies nas diferentes lonxas (ver no periódico).
- Localizar e estudar no mapa tódolos enclaves industriais relacionados coa pesca.
- Calcular, etendendo á escala, a distancia entre Cangas e os diferentes caladeiros, pasalo a diferentes unidades.
- Mural con etiquetas de conserva iñdicando o seu precio na tenda e o mesmo produto en fresco.
- Esquema do proceso de fabricación (a partir da visita).

FICHA DE OBSERVACION GRUPAL DO MERCADO

Nome

Curso Data

Facer un croquis da planta do mercado e dos seus arredores, indicando a súa función

Describe o edificio

.....
.....
.....
.....

Calcular aproximadamente a superficie do mercado:

Longo

Ancho Total

O edificio

Ano de Construcción..... Arquitecto.....

Dono..... Quen financiou.....

Zona de arredor

Aparcamento SI NON

Capacidade aproximada.....

Descarga SI NON

Faise sin atrancos SI NON

É facil atopar aparcamento un día normal SI NON

O acceso o mercado e cómodo para o comprador (1) SI NON

Sinalar o que non che gusta do mercado e dos arredores, dende o punto de vista:

Estético

Funcionalidade

.....
.....
.....

Estudo dos postos

Número de postos en total.....

Fixos.....Eventuais.....Número de vendedoras.....

Facer un croquis da disposición dos postos:

Toma notas para facer na aula unha descripción dos postos:

.....

.....

.....

.....

.....

Que impostos pagan

Cada canto tempo	A quen	Cantidade
.....
.....
.....
.....
.....

Fai unha relación das especies que están á venda:

.....

.....

.....

.....

.....

.....

Estudo das especies:

Elexir as 5 especies que ti mercarias para levar a casa a comer:

Especies	Altura/Baixura	Caladeiro	Arte
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....

Especies	Calcula tamaño(2)	Apariencia (3)	Precio unid. venda	Adquisición (4)
.....	F C B R M	L A F P M
.....	F C B R M	L A F P M
.....	F C B R M	L A F P M
.....	F C B R M	L A F P M
.....	F C B R M	L A F P M

Precios

Como se fixan..... ¿Por que?.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

¿Quen?.....

Notas:

2 Ver remate de ficha

3 F = fresco C = conxelado B = boa R = regular M = mala (Ver remate de ficha)

4 L = lonxa A = armador F = familia M = outro mercado P = porto Outros = Indicar lugar

Elexir un porto e preguntar (5)

Especies que ten	Cantidade
.....
.....
.....
.....
.....

Mercar peixe con regateo e reproduce a conversación: (6)

.....

.....

.....

.....

.....

Preguntar nun posto que fan co peixe que non se vende:

Conservan SI NON como (7) XELO CONXELAN OUTRAS
Tiranno SI NON Levan para casa SI NON

Anota as expresións que máis che chamen a atención:

.....

.....

Aspecto sanitario (8)

As vendedoras teñen carnet de manipuladoras de alimentos SI NON
Empregan guantes SI NON gorro SI NON toca o público os alimentos SI NON
Forma de exposición dos alimentos CEMENTO CALDEIROS PATELA Outros.....
Exposto sobre superficie Horizontal todo Inclínados
 algúns Inclínados
Hai algunha persoa que leve o control sanitario SI NON Quen.....

¿Observades algún aspecto antihixiénico?

.....

.....

.....

FICHA DE VISITA A PRAIA PARA CICLO INICIAL

A ficha vai dirixida ós profesores e propón un esquema xeral de traballo e unha serie de actividades, que se poden ampliar, cambiar...

Vocabulario

- 1 Xogar o Vexo-Vexo, primeiro con cousas que son propias do mar. Repetir con obxectos terrestres.
- 2 Dicar nomes de cousas que comencen por... (que vexa nese momento).
- 3 Rexistra-los nomes dos barcos.

Traballo dos sentidos

Previa recollida de obxectos que haxa na praia (ó mesmo tempo fécenlo conscientes de que están limpando a praia).

TACTO

- 1 Recoñecer obxectos metidos dentro dunha bolsa. Buscar semellantes en forma, tamaño, textura, dureza.
- 2 Ordenar eses obxectos polo peso, textura.
- 3 Por parellas, mentras un ten os ollos pechados o compañeiro contactalo co obxecto. Deberá dici-lo material que sente e onde o percibe. Facer referencia á temperatura dos obxectos.
- 4 Medir (cuartas, pasos) unha embarcación.

OIDO

- 1 Gardar silencio durante 1 minuto e reproducir os sons escoitados.
- 2 Reconocer polo son obxectos que están percutindo.
- 3 Facerse preguntas a distancia e comprobar que o son pérdese con facilidade.
- 4 Cos ollos pechados segui-lo reclamo do compañeiro.

GUSTO

- 1 Poden facerse varias degustacións (auga, area...) pero dependerá do estado sanitario do lugar.

OLFATO

- 1 Cheirar os obxectos recollidos, primeiro cos ollos abertos, e volver a recoñecelos con eles pechados.

VISTA

Observar durante 2 minutos un laño, a ver cantos animais viches, coller algún, estudialo e soltalo. Traballaranse aspectos relacionados co óculo-manual, óculo-espacial e oculo-temporal.

- 1 Meter cunchas e outros obxectos dentro dun círculo.
- 2 Aproximalos a unha liña.
- 3 Xogar ós bolos con obxectos recollidos, tumbar paus clavados.
- 4 Percorrer unha distancia nun número determinado de pasos. Fécenlo mesmo cun tempo fixo.
- 5 Conta-lo número de barcos no horizonte.
- 6 Segui-lo voo dunha gaivota e reproducilo na area.

Psicomotriz

- 1 Seguir pegadas dso compañeiros ou gaivotas.
- 2 Traducir en movemento un círculo escrito.
- 3 Caminar con condicionantes: a tres patas, salvando obstáculos...
- 4 Desplazarse de formas diferentes (de pé, reptando, rebolando...). Poden ser movementos individuais ou con desplazamentos do grupo.
- 5 Salvar lonxitudes. Comprovar que as pegadas son mais fortes na caída que na marcha.
- 6 Facer salto de altura, emregando algas...
- 7 Deternerse a un sinal determinado.
- 8 Imitar movementos do entorno (voos, ondas...).
- 9 Lanzar obxectos de diferentes pesos, formas e tamaños ata un lugar marcado.
- 10 Lanzar obxectos con toda a forza e comprobar cal chega mais lonxe.
- 11 Lanzar obxectos a auga e comprobar os que son frotantes.
- 12 Orientarse segundo ordes varbais.

Exercicios lúdicos e dramatización:

- 1 Construír castelos, pozos, barcos... sobre eles inventar xogos dramáticos e representalos (eles o capitán de barco, imos de pesca, son un peixe que picou un anzo...).

Traballo na clase:

- 1 Facer un mural e separar obxectos naturais dos desperdicios contaminantes (sinalar en que se poideron empregar a súa posíbel procedencia).
- 2 Clasificar, nomear obxectos mariños.
- 3 Facer manualidades con cunchas, area...
- 4 Facer murais de peixes, barcos...
- 5 Representar nun debuxo o fetio na praia.
- 6 Inventar en grupo un conto, por equipos tamén.
- 7 Recoller adivinas, cantigas, poesías, apodos, trabalinguas, refráns...
- 8 Facer pesca con canas el abordadas polos nenos de peixes en cartulinas (dsitintos cores, tamaños, precio...). Nesta actividade imos traballar:

Conceptos matemáticos: conxunto, tamaños, suma, resta...
executar ordes recibidas;
vocabulario (especies);
o tono (ten que coller co anzó o peixe).

ANEXO

- Asociación de bateiros (Mexiloeiras): Aldán - Muelle s/n.
Axundatía militar de mariña: Méndez Núñez 14 - Telf. 30 14 66
Barreiro González M. (Exportador peixe): Aldán s/n - Telf. 30 20 70
Cofradía de pescadores de Aldán: Aldán Muelle - Telf. 30 00 06
Comercial Marisquera (Conservas): Rodeira
Conservas Iglesias: Ojea s/n - Telf. 30 01 52
Conservas Curbera: Ameixide (Hio) s/n - Telf. 30 00 59
Conxeladores: Salgueirón s/n
Cooperativa del Mar Monte Liboreiro: Méndez Núñez 14 - Telf. 30 14 66
Cooperativa de pescadores San José: Paseo Castelao y Fomento s/n - Telfs.
30 01 65 y 30 01 73
González Chamadoira (Conservas): Espiñeira, Aldán - Telf. 30 06 01
Estrella del Mar (Armador de Buques): Av de Bueu - Telf. 30 39 11
Fomento Pesquero del Noroeste (Armadora de Buques): Av Marín, 23 - Telf.
30 01 09
Gandon Casal W. (Armador de Buques): Vilariño, Hio - Telf. 30 13 84
Gonzalez Portela J. (Mexiloeiras): Iglesias 48, Hio - Telf. 30 21 49
Iglesias Piñeiro A. (Mexiloeiras): Av Vigo - Telf. 30 13 25
Instituto Social da Mariña: Méndez Núñez - Telf. 30 03 00
Maqueira Iglesias (Armador de Buques): Seixo, Darbo - Telf. 30 07 70
Massó Hermanos SA (Conservas): Av Bueu - 30 01 00
Marcelino Iglesias (Mariscos): Espiñeira, Aldán - Telf. 30 13 81
Mariscos Currás (Mariscos): Salgueirón, Darbo - Telf. 30 10 99
Marpesa SA (Conservas): Praia de Rodeira - Telf. 30 35 11
Marreca SL (Busques de Pesca): Alfredo Saralegui, 9 - Telf. 30 20 55
Martínez Miniño (Mexiloeiras): Av Marín 19
Moradiña SA (Buques): Av Vigo, 101 - Telf. 30 28 47
Pescados Marcelino SL (Cocedeiro): Aldán muelle
Piñeiro Otero (Mariscos): Hio, 26 - Telf. 30 21 04
Piscifactoría: Nerga
Piscifactoría: Alada, Vilanova
Piscifactoría: Aldán, Muelle
Portela García (Armador de buques): Espírito Santo, Coiro - Telf. 30 17 16
Redes Marina Hispánica SL: Longán, Coiro - Telf. 30 06 00
Sindicato Provincial de Pesca: Espiñeira, Aldán - Telf. 30 00 06
Sotelo Bacelar (Armador de Buques): Piñeiro, Aldán - Telf. 30 23 57
Talleres Barca (Repuestos e Material) Av Montero Ríos, 16 - Telf. 30 01 74
Torres Soliño (Mexiloeiras): Méndez Núñez, 35 - Telf. 30 00 79
Vaqueiro Hermelo (Armador de Buques): Pinténs, Hio - Telf. 30 13 64
Vapores de Pasaje (Transporte): Paseo Marítimo - Paseo Marítimo - Telf. 30 35 22
Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación: Benito Corbal, Pontevedra - Telf.
84 60 26 — Palma, 4 Vigo

INSTITUCIONS RELACIONADAS COA PESCA

MINISTERIO DE PESCA, AGRICULTURA Y ALIMENTACION:

Ten como competencias,
Relacións internacionais
Pesca de altura
Pesca de gran altura

CONSELLERIA DE PESCA:

Ten como competencias, e polo tanto transferido:
Pesca de baixura
Marisqueo.

COFRADIA DE PESCADORES:

- Organo colaborador da Consellería.
- Representa ós sectores empresariais e ós traballadores.
- Xestiona a lonxa.
- Recibe subvencións.
- Dá información sobre actuacións institucionais.

MINISTERIO DE OBRAS PUBLICAS

Controla as Xuntas dos Portos que dirixen os portos de "interés nacional".

CONSELLERIA DE ORDENACION DO TERRITORIO

Ten baixo a súa competencia todos os que non se consideran de interés nacional.

MINISTERIO DE TRABALLO

INSTITUTO SOCIAL DA MARIÑA:


Leva todo o referente a Casa do Mar.

MINISTERIO DE DEFENSA

COMANDANCIA:

Ten dúas funcións:
-Militar en exclusiva
Aquelas como as de vixilancia xa transferidas ou que van selo.
-Rescates.

PROPOSTA DUN ESQUEMA GLOBAL PARA O ESTUDO DA PESCA DENDE A ESCOLA



BIBLIOGRAFIA:

- A Galicia Mariñeira..... *Uxío Labarta. Edit. Galaxia*
- Acuicultura Marina (Varios artigos)..... *Blanca Mas J. Alejandro T.*
- Anuario da Voz de Galicia
- Arquitectura Mariñeira
- As dornas do Porto do Son.....*Xaquín Lorenzo F. - Tomo VI. Nós Galaxia 1989*
- As artes de pesca.....*Calo Lourido. Cuadernos Museo do Pobo Galego*
- Barcos de Galicia.....*J. M. Massó García Figueroa. Diputación Provincial*
- Enquisa de poboación activa.....*Concello de Cangas. 1981*
- España pesquera.....*Revista. Xaneiro 79*
- Cuadernos marisqueiros.....*Vilagarcía. C. Experimental del Plan Marisqueiro.*
- Gamelas e Mariñeiros.....*Eliseo Alonso. Diputación P. 1987*
- Guía de Mariscos de Galicia.....*Rosa Ramonell. Galaxia. 1985*
- Guía de Peixes de Galicia.....*Manuel R., Sergio D., Lidia S. Galaxia. 1983*
- Industria Pesqueira.....*Revista. Xuño 86 e Maio 87*
- Mapa Topográfico Nacional.
- Moluscos de la Ría de Vigo.....*Emilio R. Mosquera*
- Muelles.....*Consellería de Ordenación do Territorio. Obras de porto*
- Suplementos da Voz de Galicia "Galicia".....*números 93 e 94 de Novembro. 1989*
- Perfiles Socioeconómicos dos Municipios.....*Voz de Galicia. 8 xunio de 1989*

Agradecemos a todas aquelas persoas e institucións que responderon ás nosas preguntas (Cofradía de pescadores, INEM, Consellería, Casa do Mar, mariñeiros, armadores, empresas de conservas, Comandancia de Mariña, sindicatos...)

Seminario
Sobre o Medio de Cangas
Marzo, 1.991

